

TOXOSOUTOS E RÍOS VILACOBA E SAN XUSTO

22 ABRIL 2023

Club de Montaña O Carroucho

www.carroucho.org



No primeiro tramo da ruta partimos da área recreativa de Brandía, en Lousame e continuamos sempre pegados ao cauce do río Vilacoba. Veremos cantidade de muiños. Tamén poderemos ver mostras da antiga actividade da zona coa presenza de ruínas de varias papeleiras, agora abandonadas. Pasada a aldea de Lesende agora pasamos a orilla dereita do río. No seu leito granítico vai formando diversas pozas moi frecuentadas en verao. Seguiremos vendo muiños ata chegar a ponte medieval de A Gateira.

A senda camiña a veces directamente sobre pedras da orilla e outras veces sobre pasarelas colocadas a tal efeto.

Chegados a Ponte de Vilacoba, iniciamos un lixeiro ascenso ata o Monte Culou. Aínda que non chegaremos a súa cima. A subida está amenizada polas vistas do val e da Ría de Muros e Noia.


Xa descendendo imos ata a paraxe onde encontráse a Igrexa de Toxosoutos. Ademais dos seus elementos arquitectónicos encontraremos varios tesouros naturais coma son as pozas e cascadas que alí forman o río San Xusto.

En torno a elas diversos muiños, pasarelas de madeiras e fontes. Seguiremos polo río San Xusto ata Boña onde haberá outra cascada. O Mosteiro de Toxosoutos é un ermida románica do século XII dedicada a San Xusto e San Pastor. Sábese que entre os anos 1129 e 1133 un tal Pedro Crescón, monxe de San Paio de Alteares donou ou vendeu aos cabaleiros Froylán Alonso e Pedro Muñiz de Carnota para retirarse da súa vida militar e acollerse a regra beneditina. Estes pertencían a corte de Alfonso VII o que lles valeu rápidas concesións por parte deste e do Obispo Xelmírez. Nos anos posteriores a súas posesións fóron crecendo converténdose nun dos mosteiros con máis riqueza de Galicia. Esta enorme cantidade de posesións tan alexadas fixo necesario a formación de prioratos que se encargasen da administración destas. Xa no século XIV o mosteiro perdería forza paulatinamente debido a presións nobiliarias e tamén eclesiásticas que suspiraban polas riquezas de Toxosoutos.

Así foi coma pouco a pouco foi perdendo parte das súas posesións e a comezar a súa debilidade.

En 1504 por fin anexionouse ao Mosteiro de Sobrado dos Monxes e pasou a orden Cisterciense.

Con este cambio a súas posesións restantes pasaron a engrosar as riquezas do mosteiro de Sobrado. Séculos despois da invasión francesa e a famosa desamortización de 1835, levaron ao Mosteiro ao abandono. O que quedaba do antigo mosteiro vendeuse a particulares, polo que no lugar practicamente non quedou nada. Un exemplo desta perda foi a venda por parte do párroco en 1921 do fermoso claustro románico que vendeuno ao Vizconde de San Alberto para incluílo no interior do Pazo Pena Douro, en Noia. A operación lle custou ao Vizconde 2000 pesetas que serviron para costear diversas obras da igrexa parroquial. A operación contou co beneplácito do arcebispado de Compostela.



DATOS BÁSICOS

COMEZO: Brandía
REMATE: O Coto
DISTANCIA LINEAL: 18 km aprx.
DURACIÓN APROXIMADA: 5 horas
DIFICULTADE: Media
ALTURA MÁXIMA: 402 m
ALTURA MÍNIMA: 30 m
ASCENSO TOTAL: 1376 m
DESCENSO TOTAL: 1376 m

